



ACTUALIDADE SOBRE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS

NÚMERO 33

DO 1 AO 15 DE OUTUBRO 2008

Contido

Política comunitaria

Rexións innovadoras: promovendo investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.

Páxina 1

Programas Europeos

Novas convocatorias
Convocatorias vixentes

Páxinas 2-3

Noticias

O crecemento do investimento en I+D das empresas europeas supera o das estadounidenses

A Comisión lanza un proxecto piloto no 7º Programa Marco

Páxina 4

Política Comunitaria

Rexións innovadoras: promovendo investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación

http://ec.europa.eu/regional_policy/conferences/od2008/closing.cfm?nmenu=2&sub=1&smenu=13

Discurso de Clausura dos Open Days 2008. Günter Verheugen, Vice Presidente da Comisión Europea e responsable de Empresa e Industria.

Este ano, os Open Days celebráronse nun ambiente de turbulencias económicas e políticas. Neste contexto, lonxe de diminuírse, incrementouse a importancia dos temas como innovación, desenvolvemento sostible, cooperación e política de cohesión.

Como consecuencia da globalización, as “noticias globais” poden converterse en fonte de preocupacións locais polo que, os actores globais (empresarios e políticos), deben tomar as súas responsabilidades. Primeiro, hai que asegurarse de que esta situación non volva producirse e os líderes deben levar a cabo accións conxuntas. En segundo lugar, haberá que preguntarse como volver ao camiño de crecemento positivo no que estabamos hai uns meses.

Polo tanto, se ben serán necesarios certos axustes no sistema de gobernanza global, o proceso de globalización está aquí para quedar, cos seus desafíos pero, sobre todo, coas súas múltiples oportunidades. As rexións xogan un papel fundamental en aproveitar estas oportunidades e en transformar os retos en vantaxes económicas. As rexións son o máis próximo á realidade.

En efecto, no mundo actual a competitividade xa non é cousa de individuos ou de empresas, agora é tamén entre estados e rexións. Non podemos competir con países como China ou India nos custos de traballo

pois queremos manter os nosos elevados estándares. Non obstante, necesitamos unha marxe competitiva en tecnoloxías innovadoras e excelente calidade. Neste sentido, **as cidades e as rexións convertéronse nos actores clave na nosa axenda competitiva** por ser os espazos onde se transfere a tecnoloxía, constrúense os sistemas innovadores locais e prodúcense os investimentos.

Dende a UE traballamos para fomentar a cooperación e o intercambio de experiencias entre as distintas rexións. Dentro do CIP (Programa de Competitividade e Innovación) provemos instrumentos para desenvolver ferramentas de apoio á innovación adaptados a nivel rexional.

Pero debemos ir un paso máis alá e facilitar verdadeiros partenariados, axudar ás persoas a desenvolver solucións conxuntamente. Así, proximamente proporemos unha estratexia para apoiar clústeres competitivos na UE e serán as rexións as que decidan onde e como crear os clústeres.

Máis que nunca, as rexións xogan hoxe en día un papel decisivo en promover a innovación e, a través dela, contribuír ao crecemento económico sostible. Dende a UE continuaremos traballando para crear as condicións favorables para a innovación e para ofrecer unha plataforma aberta onde os actores da innovación poidan atoparse e intercambiar experiencias que contribúan á aprendizaxe mutua.

Programas europeos

Novas convocatorias

Próximo Lanzamento da 2ª Convocatoria de Interreg IVC

<http://www.interreg4c.net/>

O próximo 27 de outubro de 2008, durante o 2º Foro Interrexional de Cooperación da UE que se celebrará en Lille, abrirase a segunda convocatoria de propostas do Programa de Cooperación Interrexional INTERREG IV C.

Para esta segunda convocatoria, que estará aberta ata o 30 de xaneiro de 2009, o Programa mantén as dúas prioridades

da primeira convocatoria. “Innovación e economía do coñecemento” e “Medio e Prevención de riscos”.

Toda a documentación necesaria para a preparación das candidaturas estará dispoñible na páxina web do Programa, unha vez sexa lanzada a convocatoria.



Convocatorias vixentes

LIFE+ 2008

<http://ec.europa.eu/environment/life/funding/lifeplus.htm>

<http://ec.europa.eu/environment/life/contact/nationalcontact/index.htm>

O 15 de xullo abriuse a convocatoria de propostas para LIFE+ 2008. Os temas que abranguen a presente convocatoria son:

- 1. Natureza e biodiversidade** LIFE+: ten como obxectivo principal protexer, conservar, restaurar, supervisar e facilitar o funcionamento dos sistemas naturais, os hábitats naturais e a flora e a fauna silvestres, co fin de deter a perda de biodiversidade, e, en particular, a diversidade de recursos xenéticos, na Unión Europea de aquí a 2010.
- 2. Política e gobernanza ambientais** LIFE+: entre os obxectivos principais están os que teñen que ver co cambio climático, a auga, o aire, o chan, o medio urbano, o ruído, o medio e saúde, os recursos naturais e residuos, a silvicultura, a innovación e os enfoques estratéxicos.
- 3. Información e comunicación** LIFE+: o seu obxectivo é divulgar información e fomentar a sensibilización en torno aos temas ambientais, incluída a prevención de incendios forestais; avalar as medidas de acompañamento como información, actividades e campañas de comunicación, conferencias e formación, incluída a formación en prevención de incendios forestais.

A porcentaxe de contribución financeira comunitaria ascenderá como máximo ao 50% dos gastos subvencionables en cada un dos tres temas que abrangue a convocatoria. Excepcionalmente, no tema “Proxectos sobre natureza e biodiversidade LIFE+” poderase aplicar unha porcentaxe máxima de cofinanciamento do 75% ás propostas dedicadas a hábitats ou especies prioritarias recollidas nas Directivas sobre aves e hábitats.

As propostas de proxectos presentaranse ás autoridades nacionais competentes antes do **21 de novembro de 2008** e enviaranse ás autoridades nacionais do Estado membro no que estea rexistrado o beneficiario. A continuación, as autoridades nacionais presentarán as propostas á Comisión antes do **5 de xaneiro de 2009**.

O presuposto xeral para a convocatoria LIFE+ 2008 é de **207.500.000 EUR**.

A asignación financeira que lle corresponde ao Estado español é duns **22.228.050 EUR**.



Convocatorias vixentes

Cooperación entre Clústers rexionais de investigación. 7º PROGRAMA MARCO. Programa Capacidades. Convocatoria FP7-REGIONS-2009-1

http://cordis.europa.eu/fp7/dc/index.cfm?fuseaction=UserSite.FP7DetailsCallPage&call_id=167

Os obxectivos desta convocatoria son:

- ↳ Incrementar a capacidade dos actores rexionais para promover o desenvolvemento baseado na ciencia e a tecnoloxía.
- ↳ Reforzar a capacidade das rexións para invertir en investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- ↳ Apoiar o desenvolvemento de estratexias rexionais de investigación que poidan ser integradas nas estratexias de desenvolvemento económico.

Os proxectos deberán enfocarse á creación de mercados líderes mediante a promoción do uso sostible dos recursos naturais e do ámbito natural e do humanizado. En concreto propóñense 5 mercados líderes baseados na axeitada xestión dos recursos naturais:

1. Enerxías renovables (xestión da auga, do bosque e do chan)
2. Produtos biolóxicos (xestión da auga, dos bosques e do chan)
3. Construción sostible (xestión dos bosques)
4. Tecidos protectores (xestión de auga e xestión de residuos)
5. Reciclaxe (xestión da auga, do chan e de residuos).

Valoraranse enfoques horizontais baseados no desenvolvemento de eco-tecnoloxías, especialmente fundamentadas nas ciencias naturais, a biotecnoloxía e a bioquímica.

Actividades a desenvolver:

1. Análise e integración das axendas investigadoras.

Análise detallado da situación actual dos clusters e das capacidades rexionais relacionadas co tema de investigación seleccionado. Esta análise, que se realizará coa implicación dos actores locais, contemplará as posibilidades de desenvolver sinerxías e oportunidades de aprendizaxe mutua, intercambio de boas prácticas e titorización daquelas rexións menos desenvolvidas.

2. Integración

Definición dun Plan de Acción Conxunto. O Plan de Acción Conxunto definirá a estratexia de parcería para o desenvolvemento económico a través da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico nun sector dado. Este Plan incluírá, entre outras, accións específicas de mobilidade, transferencia de habilidades, uso conxunto de infraestruturas de I+D, mellorar a accesibilidade das PEME á innovación, medidas de titorización e actividades de difusión.

3. Medidas de implementación do Plan de Acción Conxunto.

Estas medidas deberán contemplar actividades de titoría, cooperación internacional, actividades de difusión, de intercambio de expertos ou de busca de proxectos conxuntos. Medidas destinadas a fomentar o asociacionismo empresarial ou de networking de empresas, non serán financiadas. Finalmente, espera que os socios do proxecto tomen parte do Club Europeo de xestores de Clusters e no Observatorio europeo de clusters.

O número de participantes mínimo serán 3 clusters rexionais de investigación, procedentes de 3 Estados membros diferentes. Cada cluster deberá estar formado por polo menos tres tipos de entidades:

- a) Entidades investigadoras - Universidades, organismos de investigación, etc.
- b) Empresas
- c) Autoridades rexionais/locais (governos locais e/ou rexionais, axencias de desenvolvemento rexional, etc.)

A duración dos proxectos será de **36 meses**.

O financiamento poderá acadar o 100% dos custos elixibles, se ben se estima que o financiamento comunitario se situará **entre 1 e 3 millóns de euros**.

A data límite para a presentación de proxectos é o **27 de xaneiro de 2009**.



Noticias

O crecemento do investimento en I+D das empresas europeas supera o das estadounidenses por primeira vez en cinco anos

<http://iri.jrc.ec.europa.eu>

Segundo a edición de 2008 do Cadro de indicadores de investimento industrial en I+D da Comisión Europea, mentres que o investimento en I+D das empresas de EEUU aumentou un 8,6%, a das empresas da UE fixo un 8,8%. **Entre as dez primeiras empresas atópase tres da UE:** Nokia, en quinto lugar (sobe dende o posto 17), cun investimento en I+D de 5.300 millóns de euros, Volkswagen en noveno lugar (ocupaba o 14) e Daimler, en décimo lugar (descende dende o quinto). O maior investidor mundial en I+D en 2008 é Microsoft, con 5.600 millóns de euros.

As tendencias amosan un aumento nas vendas e rendibilidade das empresas da UE e, por primeira vez dende que se iniciou o rexistro en 2004, o crecemento do investimento en I+D das empresas da UE é maior que o das estadounidenses.

Produtos farmacéuticos e biotecnoloxía: este sector, que conta con numerosas empresas da UE e suizas, reforzou a súa posición superior, con máis do 19% do investimento en I+D a cargo do conxunto de empresas incluído no Marcador. Varias empresas farmacéuticas mostraron un aumento particularmente forte no investimento en I+D (en parte debido ás adquisicións): Schering-Plough (+33,7%), AstraZeneca (+29,8%), Roche (+25,9%) e Novartis (+21,1%).

Automóbiles e compoñentes: neste sector (o maior da UE en termos de investimento en I+D), o crecemento do investimento en I+D (6,9%) estaba considerablemente por enriba da taxa media de crecemento trianual (4,9%). Mentres que Volkswagen e Toyota Motor aumentaron substancialmente o seu I+D (16,1%

e 9,6%, respectivamente), o maior aumento correspondeu a General Motors (22,7%).

Sector enerxético: algunhas das grandes empresas europeas rexistraron altas taxas de crecemento anual en I+D durante os últimos tres anos. Así, por exemplo, durante este período Royal Dutch Shell multiplicou a I+D por 2,2 mentres que AREVA o fixo por 1,7. No sector das enerxías alternativas, algunhas empresas rexistran taxas de crecemento mesmo superiores. En tecnoloxía eólica, Vestas Wind Systems multiplicou a I+D por 2,2 e Nordex, por 3. No sector fotovoltaico, Q-Cells pasou a formar parte do Marcador por primeira vez en 2008, ao multiplicar o seu investimento en I+D por 15,4 en tres anos.



A Comisión lanza un proxecto piloto de open source no 7º Programa Marco

<http://ec.europa.eu/research/science-society/index.cfm?fuseaction=public.topic&id=1680>

O acceso rápido e fiable dos resultados da investigación, especialmente a través de internet, pode impulsar a innovación, promover novos descubrimentos científicos e apoiar o desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento. Neste sentido, a Comisión Europea quere velar porque os resultados da investigación realizada ao amparo do 7º Programa Marco de I+D se difundan ampla e eficazmente para aproveitar o seu pleno aproveitamento.

Neste contexto, o 20 de agosto, a comisión Europea puxo en marcha un proxecto piloto que facilitará o acceso en liña e sen restricións aos resultados da investigación financiada pola UE. Os principais ámbitos cubertos serán: saúde, enerxía, medio, ciencias sociais e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

O proxecto piloto, válido ata o fin do 7º PM, aumenta as posibilidades de información de científicos, particu-

lares e empresas que antes só podían acceder a través de subscricións custosas.

Deste xeito, a Comisión espera dar un importante impulso á comercialización dos resultados da investigación, así como á aparición de futuras innovacións a esta.



Axenda

31 outubro 2008

Almorzos europeos: 'innovación, crecemento e novas tecnoloxías'

Organiza: Cámaras de comercio da Unión Europea en España e o Foro Innovación

http://ec.europa.eu/spain/novedades/agenda/act_rep_31_oct_esxml_es.htm

6-7 de novembro 2008

7 Conferencia Europea sobre e-learning (ECEL)

A ECEL convertiuse nos últimos anos no maior evento celebrado deste tipo e agrupa a investigadores e profesionais co obxectivo de explorar, avanzar e mellorar o e-learning.

Lugar: Crecian Bay Hotel – Agia Napa, Chipre

Organiza: Departamento de Ciencia Informática da Universidade de Chipre

<http://www.academic-conferences.org/ece1/ece12008/ece108-home.htm>

25-27 de novembro 2008

TIC 2008: "I" para o futuro: Invención, Innovación, Impacto

A principal cita europea sobre investigación en TIC

Lugar: Lyon, Francia

Organiza: DX Sociedade da Información

http://ec.europa.eu/information_society/events/ict/2008/index_en.htm

30 novembro – 2 decembro 2008

Conferencia Ministerial e-Inclusion

Lugar: Viena

http://ec.europa.eu/information_society/events/e-inclusion/2008/index_en.htm

Contacto



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Contacto:
info@fundacioncalidade.org